



Concello de Baralla

BANDO

D. MIGUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA (LUGO).-

FAI SABER:

Con data 16 de maio de 2022 publicouse no *DOGA (Diario Oficial de Galicia)* número 94, a resolución do **Instituto Galego da Vivenda e Solo** pola que se convoca o Programa de axuda ás **actuacións de mellora ou rehabilitación nas vivendas unifamiliares e nos edificios de tipoloxía residencial colectiva**, incluídas as súas vivendas, coa finalidade de financiar obras ou actuacións en que se obteña unha mellora acreditada da eficiencia enerxética, con especial atención á **envolvente edificatoria**.

PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

- ✓ As **persoas físicas ou xurídicas propietarias ou usufrutuarias de vivendas unifamiliares illadas ou agrupadas en fila e de edificios existentes de tipoloxía residencial colectiva, así como das súas vivendas.**
- ✓ **Comunidades de persoas propietarias** ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias (propiedade horizontal).
- ✓ As persoas propietarias que, de forma agrupada, sexan propietarias de edificios; as sociedades cooperativas e as empresas arrendatarias ou concesionarias dos edificios, así como cooperativas.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

- ✓ Obras de mellora ou rehabilitación (**RENOVACIÓN DE FACHADAS E CUBERTAS E SUBSTITUCIÓN DE EQUIPOS DE CALEFACCIÓN E AUGA QUENTE**).
- ✓ Os custos de xestión, honorarios dos profesionais, e o custo da redacción dos proxectos, informes técnicos e certificados necesarios.
- ✓ **Non serán gastos subvencionables** os correspondentes a licenzas, taxas, impostos ou tributos.
- ✓ O **IVE** poderá ser considerado elixible sempre e cando non poidan ser susceptibles de recuperación ou compensación total o parcial.
- ✓ No caso de proceder á retirada de **elementos con amianto**, poderá incrementarse a contía máxima da axuda na cantidade correspondente aos custos derivados da retirada, manipulación, transporte e xestión dos residuos de amianto mediante empresas autorizadas, **ata un máximo de 1.000 € por vivenda ou 12.000 € por edificio**.

As actuacións non poderán estar iniciadas antes do 1 de febreiro de 2020, nin estar finalizadas no momento da presentación da solicitude.

CONTÍA DAS AXUDAS

Aforro enerxético conseguido coa actuación	Porcentaxe máxima da subvención do custo da actuación	Vivenda	Locais comerciais ou outros usos
		Contía máxima da axuda por vivenda (euros)	Contía máxima da axuda por m ² (euros)
$30 \% \leq \Delta C_{ep,ren} < 45 \%$	40	6.300,00	56,00
$45 \% \leq \Delta C_{ep,ren} < 60 \%$	65	11.600,00	104,00
$\Delta C_{ep,ren} \geq 60 \%$	80	18.800,00	168,00

- ✓ Poderanse conceder unha **axuda adicional por vulnerabilidade económica** (en función dos ingresos), que poderá alcanzar o 100 % do custo da actuación.

PRAZO DE SOLICITUDES

Desde o 17-05-2022 ao 30-11-2022

Esta subvención é en réxime de **concorrenza non competitiva**, é dicir, por **ORDE DE REXISTRO DE ENTRADA** da solicitude.

INFORMACIÓN SOBRE A TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIONS:

Concello de Baralla, Oficina do Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local (Alberto); Teléfono: 982363303.
Baralla, 16 de maio de 2022

O ALCALDE

Asdo. Miguel González Piñeiro

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

MIGUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO (1 para 1)
Data de Emisión: 16/05/2022
Data de Validación: 16/05/2022
HASH: 02514284d81b8d861d4ed32d31833e



Cod. Validación: 3P7C-HHD4LJZD7M2H96SDNLAD6 | Corrección: https://baralla.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1